



CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981 74 20 01 – 981 74 21 17 - Fax: 981 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)

www.concellomuxia.com

E-Mail: correo@muxia.es

D. Francisco Javier Sar Romero, Alcalde – Presidente do Concello de Muxía,

En uso das atribucións que me confire o artigo 21. 1. e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, veño a ditar o presente:

BANDO

Atendendo as indicacións da Policía Local, antes de circular é importante coñecer as normas que teñen que cumprir os/as condutores/as dos Vehículos de Mobilidade Persoal (VMP) ou patinetes eléctricos, nos seus desprazamentos urbáns e facelo de forma segura. **Para poder circular deben cumprir os seguintes requisitos:**

- Certificado de Conformidade / Homologación / Circulación.
- Estar Rexistrado / Inscrito na Dirección Xeral de Tráfico.
- Portar a Etiqueta Identificativa.
- Ter un Seguro Obrigatorio para VMP.

Ademáis os seus condutores/as, están obrigados a:

- * Cumprir as normas sobre Circulación do Tráfico.
- * Está Prohibido circular polas beirarrúas, zonas peonís e vías interurbanas.
- * Solo pode ir 1 persoa (conductor/a).
- * Usar casco.
- * Prohibido conducir con auriculares, utilizando manualmente o teléfono, presenza de drogas e/ou alcol.

En canto aos VMP, deben cumprir:

- * Non poden ter sillín. Solo poden portalo os que teñan sistema de autoequilibrado (tipo Segway).
- * A Potencia máxima é igual ou inferior a 1.500 W.
- * A súa Velocidade máxima é de 25 km / h.
- * Os patinetes comprados antes do 22/01/2024 e que non teñan Certificado, poden seguir circulando legalmente ata o 22/01/2027, pero deben ter Seguro.

Ante calquera duda, antes de comprar un VMP, asesórate na Policía Local.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Muxía na hora e data da firma dixital.

O ALCALDE

Francisco Javier Sar Romero

(asinado dixitalmente ao marxe)